

Oficial del Estado», suplemento número 11 en lingua galega, do 1 de agosto de 2001, procédese a efectua-la oportuna corrección:

Na páxina 806, primeira columna, artigo 7, epígrafe 1, letra c), débese suprimi-lo número 6.º por reiteración, e corre-la numeración dos tres números seguintes, que pasarán a ser, respectivamente, o 6.º, 7.º e 8.º

XEFATURA DO ESTADO

15033 *CORRECCIÓN de erros da Lei 10/2001, do 5 de xullo, do Plan Hidrolóxico Nacional. («BOE» 184, do 2-8-2001.)*

Advertido erro no texto da Lei 10/2001, do 5 de xullo, do Plan Hidrolóxico Nacional, publicada no «Boletín Oficial del Estado», suplemento número 11 en lingua galega, do 1 de agosto de 2001, procédese a efectua-la oportuna corrección:

Na páxina 758, segunda columna, liña décimo cuarta, onde di: «Conduccións da rede en alta dos regadíos de zonas regables dos Valles Alaveses, río Rojo-Berantilla e Rioja Alavesa», debe dicir: «Conduccións da rede en alta dos regadíos de zonas regables dos Valles Alaveses, río Rojo-Berantevilla e Rioja Alavesa».

MINISTERIO DE XUSTIZA

15216 *REAL DECRETO 936/2001, do 3 de agosto, polo que se regula o exercicio permanente en España da profesión de avogado con título profesional obtido noutro estado membro da Unión Europea. («BOE» 186, do 4-8-2001.)*

A Directiva 98/5/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de febreiro, destinada a facilita-lo exercicio permanente da profesión de avogado nun Estado membro distinto daquel no que se obtívase o título, regula, de forma específica para os avogados, un novo sistema de libre establecemento de profesionais no ámbito da Unión Europea, que persegue suprimir obstáculos á libre circulación de persoas e servicios entre os estados membros, por tratarse dun dos obxectivos básicos da Comunidade en canto á efectiva implantación dun mercado interior.

O aspecto máis destacado deste sistema radica en que se permite o exercicio profesional permanente no estado de acollida coa mera posesión do título profesional de avogado obtido en calquera outro estado membro, se ben cunha serie de limitacións en canto ó ámbito de actividade que pode desenvolve-lo avogado. Estas limitacións desaparecen, e prodúcese a plena equiparación ó avogado do estado membro de acollida, cando os profesionais que exerzan co seu título de orixe xustifican unha actividade efectiva e regular dunha duración mínima de tres anos no estado membro de acollida no ámbito do dereito deste estado, incluído o dereito comunitario; xustificación que está suxeita a unha serie de condicións e modalidades.

Por outro lado, a Directiva obxecto de transposición prevé a súa coexistencia tanto coa Directiva 77/249/CEE do Consello, do 22 de marzo, dirixida a facilita-lo exercicio efectivo da libre prestación de ser-

vicios polos avogados, como coa Directiva 89/48/CEE do Consello, do 21 de decembro de 1988, relativa a un sistema xeral de recoñecemento dos títulos de ensino superior que sancionan formacións profesionais dunha duración mínima de tres anos, transposta ó noso ordenamento mediante o Real decreto 1665/1991, do 25 de outubro, desenvolvido para a profesión de avogado por orde do Ministerio de Xustiza do 30 de abril de 1996. Isto supón que os avogados que exerzan co seu título profesional de orixe nun estado membro de acollida poderán, en calquera momento, solicita-lo recoñecemento do seu título, con obxecto de acceder á profesión de avogado no estado membro de acollida amparándose no sistema establecido por esta normativa.

Polo demais, en aplicación do disposto no Acordo sobre o Espacio Económico Europeo, subscrito en Porto o 2 de maio de 1992, e ratificado por España o 26 de novembro de 1993, resulta necesario estende-lo ámbito de aplicación da norma ós distintos estados signatarios del.

En consecuencia, mediante este real decreto apróbanse as normas que permiten facer efectivo en España o previsto na citada Directiva 98/5/CE, con inclusión das necesarias disposicións relativas ós avogados con título español que se acollan a esta noutros países.

Este real decreto dítase ó abeiro do disposto no artigo 149.1.30.^a da Constitución española, e recibiu o informe do Consello Xeral da Avogacía Española e do Consello Xeral do Poder Xudicial.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Xustiza, coa aprobación previa do ministro de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo da deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 3 de agosto de 2001,

DISP O Ñ O:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. Este real decreto ten por obxecto regula-lo exercicio permanente en España da profesión de avogado cando se obtivo o título noutro estado membro da Unión Europea ou outros estados partes no Acordo sobre o espacio económico europeo, así como establece-las normas aplicables ós avogados con título español que se establezan nos ditos estados para o exercicio permanente da súa profesión.

2. As disposicións deste real decreto serán de aplicación ós nacionais dun estado membro da Unión Europea ou parte do Acordo sobre o espacio económico europeo que, estando en posesión do título profesional de avogado obtido en calquera destes estados, tal e como aparece definido no artigo seguinte, pretendan exercer de forma permanente as súas actividades profesionais en España, por conta propia ou allea, en forma individual ou en grupo. Igualmente serán de aplicación ós avogados con título español que se establezan nos ditos estados para o exercicio permanente da súa profesión as previsións contidas no capítulo IV deste real decreto.

O disposto neste real decreto enténdese, en todo caso, sen prexuízo da posibilidade de acceder ó exercicio da profesión de avogado en España de acordo co previsto na orde do Ministerio de Xustiza do 30 de abril de 1996.

O exercicio ocasional en España da profesión de avogado baixo o réxime de libre prestación de servicos rexerase polo disposto no Real decreto 607/1986, do 21 de marzo, polo que se incorpora ó ordenamento interno a Directiva 77/249/CEE do Consello, do 22 de marzo, dirixida a facilita-lo exercicio efectivo da libre prestación de servicos polos avogados.

Artigo 2. *Definicións.*

Para os efectos do disposto nos capítulos I, II e III deste real decreto, entenderase por:

a) «Avogado»: toda persoa, nacional dun Estado membro da Unión Europea ou parte do Acordo sobre o espazo económico europeo, habilitada para o exercicio da súa actividade profesional cun dos títulos seguintes:

Bélxica: Avocat/Advocaat/Rechtsanwalt.

Dinamarca: Advokat.

Alemaña: Rechtsanwalt.

Grecia: Dikigoros.

Francia: Avocat.

Irlanda: Barrister/Solicitor.

Italia: Avvocato.

Luxemburgo: Avocat.

Países Baixos: Advocaat.

Austria: Rechtsanwalt.

Portugal: Advogado.

Finlandia: Asianajaja/Advokat.

Suecia: Advokat.

Reino Unido: Advocate/Barrister/Solicitor.

Islandia: Lögmaður.

Liechtenstein: Rechtsanwalt.

Noruega: Advokat.

b) «Estado membro de orixe»: o estado membro no que o avogado adquirise o dereito de utilizar un dos títulos profesionais a que se refire a alínea a) antes de exercer-la avogacía noutro estado membro;

c) «título profesional de orixe»: o título profesional do estado membro no que o avogado adquirise o dereito de utilizar este título antes de exercer-la avogacía en España;

d) «grupo»: calquera entidade, con ou sen personalidade xurídica, constituída de conformidade coa lexislación dun estado membro, na que varios avogados exercen conxuntamente a súa actividade profesional, baixo unha denominación común;

e) «avogado inscrito»: toda persoa que, reunindo a condición de avogado tal e como aparece definida na alínea a), fose inscrito nun colexio de avogados para exercer-la profesión en España de forma permanente co seu título profesional de orixe.

CAPÍTULO II

Exercicio en España co título profesional de orixe

Artigo 3. *Dereito a exercer co título profesional de orixe.*

Os avogados doutros estados membros terán dereito a exercer-la súa actividade profesional en España, de forma permanente e co seu título profesional de orixe, de acordo coas normas e disposicións recollidas nos artigos seguintes.

SECCIÓN 1.^a INSCRICIÓN NUN COLEXIO DE AVOGADOS

Artigo 4. *Obriga de inscrición nun colexio de avogados.*

Os avogados doutros estados membros que pretendan exercer en España ó abeiro do disposto neste real decreto deberán inscribirse previamente ante a autoridade competente, que será o colexio de avogados correspondente ó domicilio profesional único ou principal no territorio español.

Artigo 5. *Formalidades da inscrición.*

1. A inscrición destes avogados efectuarase mediante a formalización dunha solicitude, que deberá

estar á disposición dos interesados en tódolos colexios de avogados de España e que deberá conter como mínimo os seguintes datos:

- a) Nome e apelidos do solicitante.
- b) Nacionalidade.
- c) País de obtención do título profesional de avogado.
- d) Autoridade competente do estado de orixe.
- e) Domicilio profesional.
- f) No caso de pertencer a un grupo no estado de orixe, denominación e forma xurídica deste.

2. A solicitude de inscrición deberá presentarse acompañada da seguinte documentación:

a) Pasaporte, documento de identidade ou outro documento acreditativo de posuí-lo interesado nacionalidade dun Estado membro da Unión Europea ou do Espazo Económico Europeo.

b) Certificación de inscrición ante a autoridade competente do estado membro de orixe, acreditativa de se-lo interesado un profesional no sentido recollido no artigo 2 deste real decreto e expedida dentro dos tres meses anteriores á data da súa presentación, con inclusión da correspondente información disciplinaria.

c) Aqueloutros documentos que determine cada colexio de avogados, sen que poidan esixirse máis dos requiridos con carácter xeral ós solicitantes con título español no momento da colexiación.

3. Tódolos documentos que se acheguen en fotocopia deberán figurar debidamente autenticados, e aqueles que veñan redactados no idioma doutros estados membros deberán ir acompañados da súa correspondente tradución oficial ó castelán.

Artigo 6. *Cotas de inscrición.*

Os colexios de avogados poderán esixirlles ós interesados o aboamento de cotas de inscrición sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

a) Que non resulten superiores ós esixidos con carácter xeral ós solicitantes con título español no momento da colexiación.

b) Que resulten adecuados ó mantemento das cargas colexiais en proporción ós servicios dos cales poidan beneficiarse estes avogados.

Artigo 7. *Procedemento para a inscrición.*

1. Unha vez presentada a solicitude, xunto coa documentación mencionada no número 2 do artigo 5, a Xunta de Goberno do dito colexio deberá resolver motivadamente sobre a inscrición no prazo máximo de dous meses, transcorrido o cal se considerará admitida.

2. Será aplicable a este procedemento o réxime de recursos e revisión de actos establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 8. *Rexistro de avogados inscritos, información e publicidade.*

1. Os colexios de avogados deberán levar un rexistro independente dos profesionais que se inscriban ó abeiro do disposto neste real decreto, onde se recollerá toda a información achegada no momento da inscrición.

2. No prazo máximo de quince días contados a partir da inscrición, o colexio deberá comunicarlle esta ó Consello Xeral da Avogacía Española, con especificación da autoridade competente do estado membro de orixe do

interesado, co obxecto de que o Consello Xeral, nos quince días seguintes, informe disto á dita autoridade, así como ó Ministerio de Xustiza.

3. Cando os colexios de avogados publiquen, ou comuniquen a quen proceda, os nomes dos seus colexiados, deberán publicar e comunicar tamén os nomes dos avogados inscritos en virtude deste real decreto, con especial mención de tal circunstancia, así como do país de obtención do título profesional baixo o cal exercen as súas actividades en España.

SECCIÓN 2.^a ESTATUTO DO «AVOGADO INSCRITO»

Artigo 9. *Principio xeral de asimilación co avogado local.*

1. Sen prexuízo da normativa profesional e deontolóxica á que estean suxeitos no seu estado membro de orixe, unha vez producida a inscrición nun colexio de avogados español, conforme o disposto nos artigos anteriores, ós avogados procedentes de países da Unión Europea ou do Espacio Económico Europeo que exerzan en España co seu título profesional de orixe seranlles de aplicación, con carácter xeral, e en relación a tódalas actividades que exerzan en territorio español, as mesmas regras profesionais e deontolóxicas que rexan para os avogados exercentes con título español.

En especial, quedarán suxeitos ós mesmos dereitos, deberes, obrigas, prohibicións e incompatibilidades establecidos no Estatuto xeral da avogacía española, non admitíndose máis excepcións e diferencias que as recollidas neste real decreto.

2. A retirada, temporal ou definitiva, da autorización para exercer a profesión no estado de orixe, acordada pola autoridade competente deste estado, implicará para o «avogado inscrito» a prohibición, temporal ou definitiva, de exercer en España co título profesional de orixe.

Artigo 10. *Obriga de exercer con expresa mención do título profesional de orixe.*

1. Os avogados que exerzan en España co seu título profesional de orixe estarán obrigados a facelo con mención expresa de tal circunstancia, debendo utilizarse en calquera caso a denominación que corresponda de entre as recollidas na alínea a) do artigo 2, quedando prohibida a utilización da denominación «avogado» expresada en calquera das linguas oficiais de España.

2. Cando así o considere o «avogado inscrito», e en calquera caso cando a denominación do título profesional sexa coincidente en máis dun estado membro, engadiráselle a este unha mención expresa do país de orixe.

3. Así mesmo, cando a regulación da profesión no país de orixe implique limitacións ou especialidades en canto ó ámbito de actividade do «avogado inscrito», deberá este engadir tamén unha mención da organización profesional á que pertenza no dito país e, se é o caso, do órgano ou órganos xurisdiccionais ante os que estea habilitado para exercer.

Artigo 11. *Ámbito de actividade.*

1. Os avogados que exerzan en España co seu título profesional de orixe desempeñarán as mesmas actividades profesionais que os avogados que exerzan con título español e, en particular, poderán prestar asesoramento xurídico en materia de dereito do seu estado membro de orixe, en dereito comunitario, dereito internacional e dereito español.

2. Polo que respecta ás actividades de defensa do cliente, cando en aplicación da lexislación española sexa

preceptiva a intervención de avogado para as actuacións ante xulgados e tribunais ou ante organismos públicos con funcións xurisdiccionais, así como para a asistencia, comunicación e visitas con detidos e presos, o «avogado inscrito» deberá actuar concertadamente cun avogado colexiado nun colexio español.

Tamén será necesaria esta concertación cando, aínda non sendo preceptiva a intervención de avogado, a lei esixa que se o interesado non intervéñen por si mesmo ante o órgano xudicial, non poida facelo outra persoa que non sexa avogado.

En calquera caso respectaranse as correspondentes normas internas de procedemento, e o avogado con quen se actúe concertadamente responderá ante os órganos xurisdiccionais e organismos públicos.

3. Os «avogados inscritos» non poderán incorporarse ás listas da quenda de oficio dos colexios, nin exercer actividades que en España se encontren reservadas a outras profesións a pesar de estaren autorizados a realízalas no seu país de orixe.

4. Os «avogados inscritos» poderán exercer en España tanto por conta propia, como en calidade de avogado por conta doutras persoas físicas ou xurídicas, na medida en que así o permita a normativa aplicable ós avogados exercentes con título español.

Artigo 12. *Dereito de voto.*

Os colexios de avogados garantiranlles ós «avogados inscritos» o dereito de voto nas eleccións a xunta de goberno en idénticas condicións que as establecidas para o resto de colexiados.

Artigo 13. *Seguro de responsabilidade profesional.*

O avogado inscrito baixo o título profesional de orixe quedará sometido ás disposicións que regulan o seguro de responsabilidade profesional dos avogados con título profesional español, salvo que xustifique que está cuberto por un seguro ou unha garantía subscrito de acordo coas normas do estado membro de orixe, na medida en que exista equivalencia en canto á modalidade e á cobertura. Se a equivalencia fose só parcial, aplicaranse no que falte as disposicións aplicables ós avogados con título profesional español.

Artigo 14. *Responsabilidade disciplinaria.*

1. De acordo co disposto no artigo 9, cando un «avogado inscrito» incumpra as obrigas profesionais ou normas deontolóxicas vixentes en España, seranlle de aplicación as normas de procedemento, as sancións e os recursos establecidos con carácter xeral para calquera colexiado, sen máis especificacións que as seguintes:

a) Previamente á incoación dun procedemento disciplinario, o colexio de avogados correspondente deberá informar, polo medio máis rápido posible, á autoridade competente do estado de orixe do «avogado inscrito», proporcionándolle toda a información pertinente.

b) Sen prexuízo do poder de decisión que lle corresponde ó colexio, este cooperará ó longo da tramitación do procedemento coa autoridade competente do estado membro de orixe, asegurando como mínimo que esta autoridade poida formular alegacións nas distintas fases e instancias da tramitación, así como nos posibles recursos.

c) No suposto de que, durante a tramitación do procedemento disciplinario, a autoridade competente do estado membro de orixe lle comunique ó colexio de avogados que decidiu retirar-lo avogado, temporal ou definitivamente, a autorización para o exercicio profesional, este colexio procederá a prohibirlle igualmente, con

carácter temporal ou definitivo, o exercicio en España baixo o título profesional de orixe, sen prexuízo da resolución que finalmente se dicte no procedemento disciplinario.

d) A resolución final do procedemento disciplinario, que deberá estar debidamente motivada, será notificada inmediatamente polo colexio á autoridade competente do estado de orixe do avogado afectado, e esta será susceptible dos recursos colexiais e xurisdiccionais establecidos con carácter xeral na normativa aplicable ós avogados exercentes con título español.

2. Co obxecto de centraliza-la información, e para garantir en todo caso que a imposición dunha sanción disciplinaria sexa coñecida polo resto de colexios, a cooperación entre o colexio afectado e a autoridade competente do estado de orixe, así como os distintos envíos recíprocos de información mencionados no punto anterior, serán efectuados coa intermediación do Consello Xeral da Avogacía Española.

SECCIÓN 3.^a NORMAS APLICABLES ÓS «AVOGADOS INSCRITOS» EN RELACIÓN CO EXERCICIO EN GRUPO DA PROFESIÓN

Artigo 15. *Exercicio da profesión en grupo.*

1. Os avogados que exerzan en España co seu título profesional de orixe, e estean inscritos nun colexio de avogados de acordo coas disposicións recollidas neste real decreto, poderán exercer en grupo con suxeición en todo caso ás mesmas normas, modalidades, prohibicións e limitacións establecidas para os avogados con título español, e seranlles de aplicación en especial as seguintes normas:

a) Un ou máis «avogados inscritos» que sexan membros dun grupo no estado de orixe poderán desempeñar as súas actividades profesionais nunha sucursal ou axencia do seu grupo en España. Non obstante, cando as normas fundamentais polas que se rexa o dito grupo no estado de orixe sexan incompatibles coa normativa española sobre exercicio en grupo da profesión de avogado, aplicarase esta última.

b) Dous ou máis «avogados inscritos» que procedan dun mesmo grupo ou dun mesmo estado de orixe poderán asociarse e exercer en grupo en España, con suxeición en todo caso ás limitacións e modalidades establecidas ó respecto na normativa aplicable ós avogados exercentes con título español.

c) Con suxeición igualmente á normativa mencionada no parágrafo anterior, poderán exercer en grupo en España varios «avogados inscritos» procedentes de distintos estados de orixe, así como un ou máis «avogados inscritos» procedentes de distintos estados de orixe e un ou máis avogados exercentes con título español.

d) Os «avogados inscritos» non poderán exercer en España en calidade de membros do seu grupo, cando este inclúa a persoas alleas á profesión coas que os avogados exercentes con título español teñan prohibido exercer en grupo. Para estes efectos, considerarase que o grupo inclúe persoas alleas á profesión cando as que non teñan a condición de avogado tal e como aparece definida na alínea a) do artigo 2 deste real decreto, estean en posesión, total ou parcialmente, do capital do grupo, utilicen a denominación coa que exerce este, ou exerzan o poder de decisión no grupo de feito ou de dereito.

Cando as normas fundamentais que regulen no estado de orixe este tipo de grupos con persoas alleas á profesión resulten incompatibles coa normativa aplicable ós avogados exercentes con título español, tampouco poderán os «avogados inscritos» abrir en España sucursais ou axencias de tal grupo.

2. Os colexios de avogados, no ámbito das súas competencias, velarán polo cumprimento destas normas. Para isto, cando resulte necesario, solicitarán da autoridade competente do estado de orixe información sobre a regulación interna do exercicio en grupo da profesión.

Artigo 16. *Mención da pertenza a un grupo.*

Independentemente da forma na cal os «avogados inscritos» exerzan a súa profesión en España, e sen prexuízo das normas recollidas no artigo anterior, se no estado de orixe forman parte dun grupo, poderán mencionala súa denominación no desenvolvemento da súa actividade profesional en España, neste caso deberán indicar ademais a forma xurídica deste e, se é o caso, os nomes dos seus membros que exerzan en España.

CAPÍTULO III

Integración na profesión

Artigo 17. *Dereito á integración na avogacía española.*

1. Os avogados que exercen en España co seu título profesional de orixe, e que formalizasen a súa inscrición nun colexio conforme o disposto na sección 1.^a do capítulo II deste real decreto, poderán solicitar e obter a integración na profesión, sen necesidade de tramitalo procedemento de recoñecemento do seu título profesional regulado na orde do Ministerio de Xustiza do 30 de abril de 1996, pola que se desenvolve o Real decreto 1665/1991, do 25 de outubro, no que afecta as profesións de avogado e procurador, sempre e cando acrediten unha actividade efectiva e regular en España dunha duración mínima de tres anos, conforme o procedemento e modalidades establecidas nos artigos seguintes.

2. Para efectos do disposto neste real decreto, por «actividade efectiva e regular» entenderase o exercicio efectivo da actividade profesional propia da avogacía, sen outra interrupción que a que resulte de acontecementos da vida corrente.

Artigo 18. *Procedemento para a colexiación.*

1. En calquera momento posterior ó transcurso de tres anos contados a partir da formalización da inscrición nun colexio de avogados español, os avogados que estean exercendo en España co seu título profesional de orixe poderán solicita-la incorporación ó dito colexio, presentando para iso a correspondente solicitude, xunto con cantos documentos e informacións se consideren pertinentes, relativos en particular ó número e natureza dos asuntos que tratase.

2. Recibida a solicitude de colexiación, o colexio procederá a analizar e valorar toda a información e documentación que o solicitante presentase.

3. No caso de consideralo necesario, poderá instalo avogado a que achegue, oralmente ou por escrito, aclaracións ou precisións adicionais relativas ás informacións e documentación mencionadas.

4. Con carácter previo á adopción da resolución que corresponda, o colexio solicitará informe do Consello Xeral da Avogacía Española.

Artigo 19. *Resolución do procedemento.*

1. Unha vez cumpridos os trámites anteriores, e no prazo de tres meses desde a solicitude de colexiación, o colexio de avogados adoptará a correspondente resolución, que conterà algún dos seguintes pronunciamentos:

a) Denegación da colexiación, por considerar non acreditado un exercicio efectivo e regular en España

durante polo menos tres anos nos termos do artigo 17 deste real decreto, ou por considerar que concorren motivos de orde pública relacionados con procedementos disciplinarios, queixas ou incidentes de calquera tipo.

b) Integración do solicitante na avogacía española, sen necesidade de tramita-lo procedemento de recoñecemento do título profesional regulado na orde do Ministerio de Xustiza do 30 de abril de 1996, por considerar que quedou acreditada unha actividade efectiva e regular en España, dunha duración mínima de tres anos, no ámbito do dereito español, incluído o dereito comunitario.

c) Esixencia de que o solicitante se someta a unha entrevista no colexio, por considerar que quedou acreditada unha actividade efectiva e regular en España, dunha duración mínima de tres anos, pero de menor duración en materias relativas ó dereito español.

Neste suposto, trala celebración da entrevista, que terá como finalidade verifica-lo carácter efectivo e regular da actividade exercida, e tras tomar en consideración toda a información e documentación achegada en relación cos asuntos tratados polo solicitante e en relación cos seus coñecementos e experiencia profesional en dereito español, así como en canto á súa participación en cursos ou seminarios relativos ó dito dereito, incluídas as normas reguladoras da profesión e as normas deontolóxicas, o colexio decidirá finalmente, ben autorizando a integración na profesión sen necesidade de tramita-lo procedemento de recoñecemento do título profesional, ben denegando esta integración, cos efectos que en cada caso procedan.

2. En calquera caso, a decisión que adopte o colexio deberá estar debidamente motivada e será susceptible dos recursos colexiais e xurisdiccionais establecidos con carácter xeral para os procedementos de colexiación tramitados por solicitantes con título español.

Artigo 20. *Efectos da resolución.*

1. No suposto de que o colexio de avogados dicte resolución denegatoria da integración na profesión, o interesado poderá seguir exercendo en España baixo a súa condición de «avogado inscrito», e seguiranlle sendo de aplicación as especialidades e limitacións establecidas nas seccións 2.^a e 3.^a do capítulo II deste real decreto.

Así mesmo, poderá facer uso en calquera momento do dereito que asiste a tódalas persoas que posúan o título de avogado en calquera estado da Unión Europea ou parte no Acordo sobre o Espacio Económico Europeo, teñan ou non a condición de «avogado inscrito», de solicita-lo recoñecemento en España dese título profesional ó abeiro do disposto na orde do Ministerio de Xustiza do 30 de abril de 1996.

2. No caso de que o colexio de avogados dicte resolución autorizando a integración na profesión sen necesidade de tramita-lo procedemento regulado na orde do Ministerio de Xustiza do 30 de abril de 1996, o interesado deberá cumprir-los oportunos trámites de colexiación para poder facer efectiva a mencionada integración.

Para estes efectos, cada colexio establecerá os requisitos formais que se teñan que cumprir, incluíndo se é o caso o aboamento de cotas de colexiación, sempre e cando non fosen xa esixidas na súa totalidade na inscrición, de acordo co disposto nos artigos 5 e 6 deste real decreto.

Formalizada a colexiación, o interesado terá a condición de «avogado» para tódolos efectos, séndolle de aplicación sen especialidade nin ningunha limitación as normas reguladoras da profesión en España, e terá dereito a utiliza-lo título profesional de «avogado», engadíndolle se o desexa mención do título profesional de orixe.

Artigo 21. *Comunicación da resolución adoptada e das colexiacións.*

1. Unha vez adoptada polo colexio a resolución que corresponda de acordo co disposto no artigo 19, darase traslado desta, nun prazo máximo de quince días, á autoridade competente do estado de orixe do interesado, ó Consello Xeral da Avogacía Española e ó Ministerio de Xustiza.

2. Así mesmo, no prazo de quince días desde a súa formalización, comunicaránselles ós mesmos organismos mencionados no punto anterior as colexiacións que se produzan en virtude do disposto no número 2 do artigo 20.

Artigo 22. *Confidencialidade da información.*

1. Tódalas autoridades e organismos participantes no procedemento regulado neste real decreto garantirán a confidencialidade das informacións obtidas.

2. Os interesados poderán, en calquera momento, solicita-la devolución dos documentos que presentasen nos colexios de avogados.

CAPÍTULO IV

Normas aplicables ós avogados que exerzan permanentemente con título español noutros estados membros

Artigo 23. *Autoridade competente para certifica-la condición de avogado.*

A autoridade competente para certificar ante as autoridades doutros estados membros a condición de avogado en España, tal e como aparece definida na alínea a) do número 2 do artigo 1 da Directiva 98/5/CE, será o colexio de avogados no ámbito territorial do cal teña o interesado o domicilio profesional único ou principal.

Artigo 24. *Información relativa ós avogados con título español que se inscriban noutros estados membros.*

1. Cando un avogado con título español se inscriba ante a autoridade competente doutro estado membro para exercer nel de forma permanente con tal título, será o colexio de avogados español no ámbito territorial do cal teña o seu domicilio profesional único ou principal o competente para recibila comunicación que ó respecto debe cursa-la autoridade competente do dito estado membro.

2. Os colexios de avogados españois manterán actualizada unha lista cos avogados ós que se refire o punto anterior, co obxecto de dar cumprimento ás obrigas de información e colaboración establecidas na Directiva 98/5/CE, e en particular á obriga de comunicarlle á autoridade competente do estado membro en que se inscribisen a incoación, se é o caso, de procedementos disciplinarios, garantindo en todo caso a confidencialidade da información que se intercambie.

3. A lista de avogados á que se refire o punto anterior, así como os cambios que nela se produzan, será comunicada polos colexios ó Consello Xeral da Avogacía Española e ó Ministerio de Xustiza.

Disposición adicional única. *Consellos de colexios de Comunidade Autónoma.*

Naquelas comunidades autónomas onde estivesen constituídos consellos de colexios de avogados de comu-

nidade autónoma, as comunicacións reguladas neste real decreto entre o Consello Xeral da Avogacía Española e os colexios de avogados que radiquen no seu ámbito territorial realizaranse a través do correspondente consello de ámbito autonómico.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Palma de Mallorca o 3 de agosto de 2001.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Xustiza,
ÁNGEL ACEBES PANIAGUA

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

15218 *REAL DECRETO 943/2001, do 3 de agosto, polo que se modifican o Real decreto 2323/1985, do 4 de decembro, polo que se aproba a regulamentación técnico-sanitaria para a elaboración, almacenamento, transporte e comercialización de sucedáneos de café, e o Real decreto 1231/1988, do 14 de outubro, polo que se aproba a regulamentación técnico-sanitaria para a elaboración, almacenamento, transporte e comercialización do café.* («BOE» 186, do 4-8-2001.)

O Real decreto 2323/1985, do 4 de decembro, polo que se aproba a regulamentación técnico-sanitaria para a elaboración, almacenamento, transporte e comercialización de sucedáneos de café, foi modificado polo Real decreto 1232/1988, do 14 de outubro, para incorporar os requisitos establecidos sobre os extractos de chicoria na Directiva 77/436/CEE, modificada pola Directiva 85/573/CEE, relativa á aproximación das lexislacións dos estados membros sobre os extractos de café e os extractos de chicoria.

O Real decreto 1231/1988, do 14 de outubro, polo que se aproba a regulamentación técnico-sanitaria para a elaboración, almacenamento, transporte e comercialización do café, incorporaba ó noso dereito interno os requisitos referentes ós extractos de café establecidos na mencionada Directiva 77/436/CEE. O citado real decreto foi modificado posteriormente polo Real decreto 1372/1997, do 29 de agosto, para adecuar algúns aspectos referentes a novas prácticas de venda de cafés.

A Directiva 1999/4/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de febreiro de 1999, relativa ós extractos de café e os extractos de chicoria, derroga a Directiva 77/436/CEE e fai necesaria a súa incorporación ó noso dereito interno mediante a modificación dos citados reais decretos 2323/1985 e 1231/1988.

O obxectivo da citada Directiva 1999/4/CE foi simplificar a lexislación anterior para a determinación dos requisitos esenciais destes produtos, co fin de garantir a súa libre circulación no mercado interior.

O presente real decreto dítase ó amparo do artigo 149.1.13.^a e 16.^a da Constitución, que atribúe ó Estado a competencia exclusiva das bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, e sobre as bases e coordinación xeral da sanidade, respectivamente.

Na elaboración desta disposición foron oídos os sectores afectados e emitiuse o preceptivo informe da Comisión Interministerial para a Ordenación Alimentaria.

Na súa virtude, por proposta do vicepresidente segundo do Goberno para Asuntos Económicos e ministro de Economía e dos ministros de Agricultura, Pesca e Alimentación e de Sanidade e Consumo, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 3 de agosto de 2001,

DISPONGO:

Artigo primeiro. *Modificación do Real decreto 2323/1985, do 4 de decembro, polo que se aproba a regulamentación técnico-sanitaria para a elaboración, almacenamento, transporte e comercialización de sucedáneos de café.*

Modifícase o Real decreto 2323/1985, nos seguintes termos:

1. No artigo 2, o número 2.1.1 queda substituído polo seguinte:

«2.1.1 Chicoria.—Enténdese por chicoria as raíces de “Cichorium intybus L”, non utilizadas para a produción de “chicoria witloof”, convenientemente limpadas antes de seren desecadas e torradas e normalmente utilizadas para a preparación de bebidas.»

2. No artigo 14 suprímese o penúltimo parágrafo.
3. O artigo 15 modifícase do seguinte modo:

a) O número 15.1 substitúese polo seguinte:

«15.1 Denominación de venda.—Serán as denominacións contempladas no artigo 3 da presente regulamentación técnico-sanitaria e, ademais, as seguintes especificacións:

15.1.1 As denominacións de venda contempladas no artigo 3.6 “Chicoria soluble”, ou “chicoria instantánea”, ou “extractos de chicoria”, completaranse, se é o caso, cos termos “en pasta”, ou “en forma de pasta”, ou “líquida”, ou “en forma líquida”, cando se axusten ás características fixadas nos puntos 2.2.4 e 2.2.5 do artigo 2, respectivamente.

15.1.2 A denominación do extracto líquido de chicoria, definido no punto 2.2.5 do artigo 2, poderase completar co cualificativo de “concentrado”, sempre que o contido de materia seca procedente da chicoria sexa superior en masa ó 45 por 100.»

b) O número 15.3 substitúese polo seguinte:

«15.3 No caso do extracto líquido de chicoria, definido no número 2.2.5, a etiquetaxe deberá indicar “con...”, “conservado con...”, “con... engadida”, ou “torrado con...”, acompañado da denominación do tipo de azucre ou azucres utilizados.

Estas mencións deberán figurar no mesmo campo visual que a denominación de venda.»

Artigo segundo. *Modificación do Real decreto 1231/1988, do 14 de outubro, polo que se aproba a regulamentación técnico-sanitaria para a elaboración, almacenamento, transporte e comercialización do café.*

Modifícase o Real decreto 1231/1988, nos seguintes termos:

1. O número 2.2 do artigo 2 substitúese polo seguinte:

«2.2 “Extracto de café”, “extracto de café soluble”, “café soluble” ou “café instantáneo”.—É o pro-